

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución de inscripción e publicación do calendario laboral do ano 2019 do convenio colectivo sectorial de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña 2016-2018*

Logo de constituírse a comisión negociadora do convenio colectivo sectorial de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña 2016-2018 (código de convenio 15001235011982 e publicado no BOP n.º 126 o 5 de xullo de 2017), subscríbese con data 14 de novembro de 2018 o calendario laboral do ano 2019 polas partes lexitimadas e solicítase a súa inscripción e publicación con data 19 de novembro de 2018.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña é competente para resolver a inscripción do calendario laboral do ano 2019 do convenio colectivo sectorial de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña 2016-2018 e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscripción do calendario laboral do ano 2019 do convenio colectivo sectorial de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña 2016-2018 no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do calendario laboral do ano 2019 do convenio colectivo sectorial de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña, 2016-2018 ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 24 de novembro de 2018.

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

## CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA NÚMERO UN

### ASISTENTES

#### Parte empresarial:

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DE A CORUÑA

– D. Benito García García

– D. José-Manuel Cajaraville Varela

**Parte sindical:**

C.I.G.

– D. Eduardo Sebio Molguera

U.G.T.

– Jesús-Mari Calvo Romero

CC.OO.

– Ricardo-Óscar Santos Reiriz

– José Arufe Rodríguez

Letrado-asesor:

– D.Carlos Puga Trigás

En Santiago de Compostela, sendo as dezaseis horas trinta minutos do día catorce de novembro de dous mil dezaioito, reúñense os membros da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial de Industrias de Rematantes e Serradoiros de Madeira da provincia de A Coruña.

Acordan ámbalas dúas partes que o letrado-asesor don Carlos Puga Trigás actúe como Secretario, sen que se considere preciso o nomeamento de presidente.

A parte dos traballadores está representada polas centrais sindicais C.I.G., U.G.T. e CC.OO.

Pola parte empresarial asisten os representantes da Asociación Provincial de Empresarios Rematantes e Serradoiros da Madeira de A Coruña, que asocia ás empresas afectadas polo ámbito deste convenio, sendo a única asociación representativa do sector.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade para negociar o Convenio Provincial de eficacia xeral, polo que acordan dar por constituída a Comisión Negociadora do Convenio. Asemade acórdase que nas reunións que se celebren a moderación das intervencións efectuarase polas partes a traveso do uso alternativo da palabra.

Pola representación sindical farase entrega na próxima reunión de certificación emitida polo Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria para acreditar a representatividade das centrais sindicais a efectos do presente Convenio.

Aberta a sesión, acórdase estudar e aprobar por razóns de urxencia o Calendario Laboral para o ano 2019. Unha vez que con carácter previo á presente reunión ambas partes comunicáronse as súas respectivas propostas, despois dun breve debate acádase, por unanimidade, o acordo que segue a continuación.

Apróbase o Calendario Laboral para o ano 2019, que comprenderá un total de MIL SETECENTAS CINCUENTA E DÚAS (1.752) horas efectivas de traballo.

Tendo en conta que un día festivo de ámbito nacional ou autonómico coincide en sábado, para dar cumprimento ao límite das 1.752 horas efectivas de traballo é preciso fixar no calendario para o ano 2019 un total de SETE DÍAS FESTIVOS DE CONVENIO, días que serán os seguintes:

- 5 de marzo
- 26 de xullo
- 16 de agosto
- 23 de decembro
- 24 de decembro
- 30 de decembro
- 31 de decembro

O calendario para o ano 2019 figura detallado no cadro anexo á presente acta.

Se en algún concello foxen sinaladas como festividades locais días que teñan o carácter de Festivo-Convenio ou sábado, establécese a súa substitución como día festivo polo día laborable inmediatamente anterior ou, no seu caso, posterior.

Establécese de forma expresa que o Calendario Laboral aprobado será de aplicación nas empresas que non teñan aprobado calendario propio. En todo caso, o devandito calendario ten o carácter de orientador para as empresas, de tal xeito que o mesmo poderá ser modificado tendo en conta as demandas específicas de produción existentes en cada momento. Non obstante, de ser este o caso, o día ou días traballados que se correspondan con días festivos de convenio haberán de ser substituídos por outro día ou días equivalentes en cómputo horario. Con carácter xeral a empresa fará pública a modificación proxectada polo menos con cinco días de antelación á data de aplicación do cambio previsto, sen prexuízo de que tal período de preaviso sexa menor sempre e cando medie acordo entre empresa e traballadores.

Ambas partes deciden que este acordo entrará en vigor na data da súa firma con efectos a partir do día 1 de xaneiro do 2019, todo elo con independencia da data da súa publicación oficial.

Acórdase facultar e autorizar expresamente ao Letrado-Asesor Don Carlos Puga Trigás quen, presente, acepta a designación, para que proceda a completar tódolos trámites necesarios aos efectos de que polos órganos administrativos competentes se ordene a inscrición e o depósito do citado acordo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Trballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez acadado o acordo sobre o calendario laboral para o ano 2019, ambas partes conveñen en emprazarse para unha nova reunión para tratar os temas da negociación propia do novo convenio. A reunión terá lugar o día 10 de decembro de 2018, ás 16.30 horas.

E sen máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as dezasete horas trinta minutos da data enriba sinalada, asinando en conformidade a totalidade dos asistentes.

**CALENDARIO LABORAL AÑO 2019**  
**CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE REMATANTES E SERRADOIROS DE**  
**MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA**

**XANEIRO**

L	M	M	J	V	S	D
	F-N	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			
HORAS DE TRABALLO					176	
DIAS DE TRABALLO					22	

**FEBREIRO**

L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			
HORAS DE TRABALLO					160	
DIAS DE TRABALLO					20	

**MARZO**

L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3
4	FC-8	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	F-A	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31
HORAS DE TRABALLO					152	
DIAS DE TRABALLO					19	

**ABRIL**

L	M	M	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	F-A	F-N	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					
HORAS DE TRABALLO					160	
DIAS DE TRABALLO					20	

**MAIO**

L	M	M	J	V	S	D
		F-N	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	F-A	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		
HORAS DE TRABALLO					168	
DIAS DE TRABALLO					21	

**XUÑO**

L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
HORAS DE TRABALLO					160	
DIAS DE TRABALLO					20	

**XULLO**

L	M	M	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	F-A	FC-8	27	28
29	30	31				
HORAS DE TRABALLO					168	
DIAS DE TRABALLO					21	

**AGOSTO**

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	F-N	FC-8	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	
HORAS DE TRABALLO					160	
DIAS DE TRABALLO					20	

**SETEMBRO**

L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						
HORAS DE TRABALLO					168	
DIAS DE TRABALLO					21	

**OUTUBRO**

L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	F-N	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			
HORAS DE TRABALLO					184	
DIAS DE TRABALLO					23	

**NOVEMBRO**

L	M	M	J	V	S	D
				F-N	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31
HORAS DE TRABALLO					160	
DIAS DE TRABALLO					20	

**DECEMBRO**

L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	F-N	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
FC-8	FC-8	F-N	26	27	28	29
FC-8	FC-8					
HORAS DE TRABALLO					128	
DIAS DE TRABALLO					16	

HORAS DE TRABALLO AO ANO	1.944	Horas
2 FESTIVOS LOCAIS	16	Horas
VACACIONS	176	Horas
XORNADA ANUAL CONVENIO 2019	1.752	Horas